

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E OS CONCELLOS INCLUÍDOS NO PLAN ESTRATÉXICO DO SECTOR AGRARIO DA LIMIA PARA A REPARACIÓN DE CAMIÑOS RURAIS (2ª FASE)

A Consellería do Medio Rural, na forma establecida no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

Os camiños rurais dos concellos incluídos no Plan estratéxico do sector agrario da Limia atópanse en mal estado de conservación, producíndose importantes interferencias no desenvolvemento da actividade. Deste xeito no eixo 3 do dito Plan incorporouse unha medida específica para a mellora de camiños rurais denominada Plan Extraordinario de Infraestruturas Agrarias.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural e considerando os resultados do proceso participativo para a elaboración do Plan estratéxico do sector agrario da Limia, determinou os seguintes criterios de selección e priorización dos camiños nos que compre actuar dentro do ámbito do Plan Estratéxico:

1. Seleccionaranse en primeiro lugar os camiños de ámbitos de concentracións parcelarias.
2. En segundo lugar seleccionaranse os camiños que dan acceso a un maior número de parcelas agrícolas ou a explotacións agrícolas ou gandeiras.
3. En terceiro lugar aqueles que teñan unha maior intensidade media diaria de vehículos agrícolas, segundo a información ou a experiencia dos concellos, ou aqueles tramos cunha lonxitude mínima de 100 m que se atopen en peores condicións.
4. Priorizaranse os camiños con firme de saburra fronte aos asfaltados.
5. Non se seleccionarán actuacións en camiños que se atopen en período de compromiso de mantemento das axudas do Plan de mellora de camiños de titularidade municipal xestionadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
6. Non se incluírán os tramos de camiños paralelos aos bordos das canles de drenaxe da antiga Lagoa de Antela.
7. Todos os camiños sinalados deben ser de titularidade municipal.





A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizárase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

Antecedentes:

Os concellos incluídos no Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia remitiron á Consellería do Medio Rural as propostas de camiños rurais nos que é máis urxente acometer actuacións de mellora, e, logo de comprobar que cumprían os criterios de selección e de realizar unha priorización en base aos criterios establecidos, a Consellería do Medio Rural encargou a redacción dun proxecto de obra común para todos os concellos do Plan.

No ano 2021 executouse a primeira fase desta actuación mediante a execución do proxecto X-14445 "Reparación de camiños nos concellos incluídos no plan extraordinario de Infraestruturas Agrarias 2021", mediante convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e os concellos implicados o 15 de novembro do 2021. Dita obra non puido ser rematada satisfactoriamente en todas as súas actuación previstas, debido fundamentalmente ás condicións climáticas e ao escaso prazo para a execución destas actuacións. Polo tanto solo poideron ser executadas e certificadas obras por un importe de 447.108,04 €, do total de 600.000 € inicialmente previstos

Polo que neste momento e reevaluadas as necesidades iniciais e polo que se fai necesario a execución do proxecto X-14572 "Plan extraordinario mellora de camiños da Limia 2ª Fase" por un importe total de 550.690,23 € coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022	184.011,08 €
Ano 2023	366.679,15 €

Finalidade

Para os efectos sinalados, a Consellería ten previsto formalizar un segundo convenio con parte dos concellos incluídos no Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia, os cales aparecen relacionados no Anexo a esta memoria.

O instrumento convencional arriba referido terá por obxecto a execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras en camiños rurais de titularidade municipal dos concellos de acordo co Anexo a esta memoria e destinalas ao uso público, conforme aos seus correspondentes proxectos de obra.

As obras consisten en melloras nas vías rurais municipais nas que, dadas as súas condicións de deterioro, os concellos asinantes consideran prioritarias e urxentes. A





súa finalidade é garantir a transitabilidade e permitir un adecuado desenvolvemento da actividade agraria.

O instrumento convencional arriba referido terán unha vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o remate das actuacións contempladas no mesmo, a comunicación da recepción das obras aos concellos correspondentes e as formalizacións das actas de entrega, sen que poidan exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.

A Consellería considera importante a execución destas obras, contribuíndo dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación, da seguridade viaria no medio rural e da actividade agraria no ámbito do plan.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectos referidos.

O convenio que se pretende asinar fundaméntanse no seguinte:

Encádranse dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitadas polos concellos para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.

As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

- Urgencia : Obras na súa maior parte consideradas urxentes, de mellora da seguridade, necesarias melloras e reparacións da capa de rodaxe, etc
- Tipoloxía: Actuacións camiños rurais.
- Titularidade: Teñen cabida actuacións municipais.

O financiamento das obras será con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.551A.604.1 dos exercicio 2022 e 2023 . O importe total do convenio ascende a 550.690,23 €, desagregándose nas cantidades e anualidades que para cada un dos concellos aparecen detalladas no Anexo a esta memoria xustificativa.

As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do





ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Estes Convenios teñen natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Desenvolvemento Rural

Inés Santé Riveira

